

I. D. G. A.

Irmandade Democrática Galicia Autónoma

.....
Folla nº 4 de IDGA correspondente ó mes de Xaneiro de 1973
.....

O ano 1972 veunos a confirmar que as CLASES POPULARES GALEGAS avanza
no camiño da LIBERACION DO NOSO PAIS coma primeiro paso pra r matar coa
represión feixista e o sistema que o mantén, o capitalismo, de cara
O SOCIALISMO.

Galicia é unha comunidade humán estabel que se téñ constituído histó-
ricamente sobor da base da comunidade de catro características fundamen-
tás: comunidade de língoa, comunidade de territorio, comunidade de vida
económica, e comunidade de hábitos psicolóxicos que se refreñan na súa
cultura nacional. Po o tanto, Galicia é unha NACION de seu, pero como
lles para a outras muitas -SUXIADI, CATALUNYA, ANGOLA, BRETAÑA, etc.-
non conqweriu facer real un dereito que como tal NACION lle pertence:
ORGANIZARSE ELA MESMA E DE ACORDO COAS SUAS NECESIDADES.

A isto débese que na fase actual do seu desenvolto histórico GALICIA
sexa unha nación DEPENDENTE ou dito con outras verbas unha COONIA di-
rixida e sometida polo Estado Hespáñol.

O POBO GALEGO acháase, polo devandito, OCUPADO a todos os niveles polo
CENTRALISMO, e boa mostra desto é o que a continuación espoumamos.

O sistema económico capitalista que o centralismo imponllo ó POBO GA-
LEGO VIVIFICANDO A MORTE DO AGRO ó traves da EMIGRACION, non preo-
cupándose do seu desenvolto pra mantér un nivel de vida misernto nos
que quedan e aproveitándose da FORZA DE TRABAJO dos que obriga a saír
pra acumular máis beneficios en favor do gran monopolio.

Os poucos que aínda quedan traballando as leiras vñse afogados por
trabucos e por un circuíto comercial domoñado polo capitalista que lle
marca ós labregos os produtos cando lle convén e ó precio que lle veña
en gana (pensem no problema do leite, do viño na comarca do Ribeiro, etc)

Este sistema preocupase sementes de invertir capital en certas zonas,
montando unha industria de grandes rendimentos a base da man de obra ga-
lega (deica de agora barata, non cualificada e sumisa) i espropiando
unha das máis importantes das nosas riquezas naturais: a enerxía eléctri-
ca. Desto xeito fan que se desenvolten sementes certas zonas desvencella-
das entre elas e do resto de Galicia pra impedir ó achegamento e solida-
ridade de todo o POBO.

A dominación cultural tamén é un dos síntomas do COLONIALISMO EN GALI-
CIA. Nonnos ensinan a nosa Historia, o noso Pensamento, os nosos xeitos
de produción e obríannos ó uso dunha língoa allea -o castelán- cando,
por outra banda o idioma dos labregos, obreiros e mariñeiros é o GALE-
GO i o centralismo colonialista hespáñol sabe que é un dos lazos máis
fortes de Galicia como Nación.

Nembargantes, i a peores da REPRISION MATERIAL, FÍSICA e MENTAL sobre
do home galego, sñto sigue loitando polos dereitos que lle froun negados

e os exemplos témolos ben perto.

O pasado ano 72 Galicia foi un caldeiro de loitas, identificación cos nosos problemas e aprendizaxe continuo que se materializou NAS MORTES DE DOUS TRABALLADORES DA BARRERA no Ferrol. Vai facer un ano que se levou a cabo este CRIMEN contra o POBO GALEGO, O OBRERO DE GALICIA E DE HESPAÑA, e contra o PROLETARIADO de todo o mundo. Nestas datas, IDGA pide a solidariedade de todos os galegos e de todas as forzas antifascistas de Hespaña. Isto é un dos intres de MANIFESTARSE CONTRA A BRUTAL REPRISION que se LEVOU A CABO cando as masas populares tiñan domada a cidade, con todo tipo de accións xeneralizadas.

As loitas de mai na empresa BARRERAS de VIGO foi un paso máis de cara o movemento nacional-popular que se se lidarizou coa loita do proletariado de CITROEN e apellado a todos os asalariados da cidade no pasado setembro seguido de centos de despedidos e das máis grandes torturas e formas de represión que se tiñan artellado. Xunto coa campaña desencadeada pola organización U.P.G. (unión do pobo galego) en contra do pago da Seguridade Social Agraria, e tamén coa loita dos mariñeiros pra impedir que unha empresa capitalista monopolizase a r collida do marisco que viría a privar a moitos traballadores dos seus medios de subsistencia, podese engadir unha chea de feitos como a Queima de Montes, a represión contra as reivindicacións dos mariñeiros de Terra Nova e a espropiaación das terras dos veciños de Vigas de Camba e outros pobos pra facer o Embalse das Portas, como reflexo do aumento das loitas e de que o POBO GALEGO camiña hacia un FRENTE NACIONAL DE LIBERACION pra conquistar e facer valer o dereito da autodeterminación, da autoorganización e da toma do poder polo POBO.

IDGA, que ten como tarefa primordial dirixirse ó emigrado galego que sofre unha dobre explotación, como asalariado e coma membro dunha nación colonizada, pide o achegamento e cinguimento de todos os galegos coas loitas que se levan NA NOSA TERRA.

" O POBO, ORGANIZADO E INVENCIBEL "

.....

P O R O F R E N T E N A C I O N A L D E
L I B E R A C I O N

" A NOSA TERRA E NOSA. ¿De quón máis podía ser? ¿DOS QUE A ALDRAXAN? ¿DOS QUE A ROUBAN? ¿DOS QUE A ASESINAN OS SEUS FILLOS? ¿DOS QUE A ENSUMIRON NA LORANCIA? ¿DOS QUE A QUEREN VENDER COMO ESCRAVA? ¿DOS QUE LLE NEGAN O DEREITO DE SER CEIBE? "

VIVAN AS CLASES POPULARES GALEGAS!

POLA LIBERACION DO NOSO POBO!

I.D.G.A. (Irmandade Democrática Galicia Autónoma)

GALICIA, xaneiro do 73.

.....